



## CONCELLO DE ORTIGUEIRA

### **BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE CUBRA A DEMANDA DE PERSOAL SOLICITADO POLAS EMPRESAS QUE PRESTAN SERVIZOS DURANTE A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA 2018**

#### **1.- Obxecto, ámbito de aplicación e vixencia**

A presente convocatoria ten por obxecto a confección dunha bolsa de emprego coa finalidade de facilitar ás empresas que prestan servizos durante a celebración do Festival do Mundo Celta 2018 a cobertura transitoria de determinadas necesidades de persoal.

A base de datos poderá ser proporcionada ás citadas empresas cando realicen ofertas e requirán algúns dos perfís profesionais contemplados neste proceso.

A bolsa de traballo resultante deste procedemento anulará as existentes con anterioridade e terá validez ata a entrada en vigor dunha nova bolsa ou unha modificación da que resulte deste proceso.

#### **2.- Procedemento**

A presente bolsa será promovida polo Concello de Ortigueira e estará dirixida a persoas desempregadas interesadas en traballar durante o certame de música celta 2018, nalgunha das empresas que realice actividades para a organización.

O Concello de Ortigueira tramitará a inscrición e, en virtude do previsto no Regulamento municipal de creación de ficheiros de datos de carácter persoal, porá a disposición das citadas empresas, cando o demanden, os datos das persoas anotadas en calquera das especialidades contempladas, para a súa contratación.

O proceso de selección será levado a cabo directamente polas empresas, que contactarán coas persoas aspirantes e serán as que sinalen os horarios e as condicións de traballo. Deste modo, non existirá relación laboral ningunha entre os inscritos no listado e máis a administración local.

#### **3.- Perfís profesionais**

Unha vez analizadas as distintas áreas funcionais do Festival Ortigueira, establecéncense os seguintes grupos laborais:

- a.- Hostalería, en todas as súas variantes (barras de bebidas, restauración, postos ambulantes de comidas, etc...)
- b.- Auxiliares de aparcadoiros.
- c.- Limpeza en vía publica e mantemento das zonas de aseos habilitadas pola organización.
- d.- Auxiliares diversos (control de dependencias, tarefas de carga e descarga).

---

#### **Concello de Ortigueira**



## CONCELLO DE ORTIGUEIRA

---

### **4.- Requerimentos dos participantes**

- a.- Ter cumplido 18 años de edad e non ter alcanzado a edad de xubilación forzosa.
- b.- Acreditar a condición de desempregado/a e estar inscrito no Servizo público de emprego.
- c.- Dispor da capacidade funcional para o desempeño das tarefas a que se refire esta bolsa.

### **5.- Solicituds das persoas aspirantes**

As persoas interesadas deberán solicitar a súa inclusión na bolsa de traballo, entregando nas oficinas municipais do Concello de Ortigueira a correspondente instancia oficial, debidamente cuberta, na que se indicará o perfil ou perfís profesionais aos que se presentan.

O prazo de presentación de solicitudes comprenderá dende o **1 de xuño ao 6 de xullo de 2018**

### **6.- Documentación**

As solicitudes deberán presentarse acompañadas da seguinte documentación:

- a.- Fotocopia del DNI.
- b.- Documento acreditativa de figurar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

### **7.- Publicidade da convocatoria**

Publicarase anuncio da presente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira e más na páxina web do Festival de Ortigueira ([www.festivaldeortigueira.com](http://www.festivaldeortigueira.com)).

### **8. Vinculación xurídica**

Non existira ningún vinculo nin relación xurídica entre as persoas solicitantes e o Concello de Ortigueira.

Ortigueira, (data sinalada ao marxe)

O Alcalde

Juan V. Penabad Muras

**ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE**

---

**Concello de Ortigueira**

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



CONCELLO DE ORTIGUEIRA

---

**ANEXO I.- FICHA DE PARTICIPACIÓN E  
MODELO DE SOLICITUDE**

---

**Concello de Ortigueira**

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



## CONCELLO DE ORTIGUEIRA



### BOLSA DE EMPREGO PARA O FESTIVAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA FICHA DE PARTICIPACIÓN

Don/a \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_ con domicilio en  
\_\_\_\_\_, concello de \_\_\_\_\_  
(\_\_\_\_\_), con número de teléfono \_\_\_\_\_ e dirección de correo electrónico  
\_\_\_\_\_

Aporta a seguinte documentación:

- Fotocopia de D.N.I.
- Tarxeta de demanda de emprego

Manifesta a súa intención de participar na bolsa de emprego para o Festival do Mundo Celte de Ortigueira promovido e desenvolvido polo Concello de Ortigueira, e solicita a súa inclusión nas seguintes posibles areas de traballo:

- Traballo de hostalería.
- Auxiliares diversos (control dependencias, aparcadoiros, etc)
- Persoal de limpeza viaria.
- Persoal non cualificado

A persoa asinante outorga a súa autorización ao Concello de Ortigueira para a utilización dos seus datos persoais non confidenciais, a efectos de intermediación no mercado laboral, segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e normas que a desenvolven.

A persoa asinante é coñecedora de que non existe vinculación algúnhia, laboral ou xurídica, co Concello de Ortigueira.

En Ortigueira, a \_\_\_\_\_

Fdo.: \_\_\_\_\_

Esta solicitude será tramitada por medios informáticos. Os datos persoais que figuren nela incorporaranse a un ficheiro creado pola Administración do Concello de Ortigueira e permanecerán baixo a súa custodia. En calquera momento pode facerse uso dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os datos incorporados ao mesmo (art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal - BOE núm 298, do día 14).

### Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536